

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O SERVIZO GALEGO DE SAÚDE E BECTON DICKINSON SAU PARA A PROMOCIÓN DA INVESTIGACIÓN E A FORMACIÓN CIENTÍFICA ORIENTADAS Á MELLORA DA ATENCIÓN AO PACIENTE.

MEMORIA XUSTIFICATIVA

O xerente do Servizo Galego de Saúde, **DECLARA:**

Que o Servizo Galego de Saúde formalizou coa entidade Becton Dickinson SAU o instrumento convencional arriba referido, o cal terá unha vixencia de catro anos, a partir do día seguinte ao da súa firma (11 de novembro).

Que o instrumento convencional ten por obxecto:

Definir o ámbito das relacións de colaboración entre as partes asinantes, para a promoción da investigación e a formación orientadas á mellora da atención sanitaria, a través da promoción da investigación, a formación, a innovación ou a realización de estudos e intercambio de coñecemento científico e técnico.

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orden á consecución do obxectivo referido.

Que o instrumento convencional que se asina se fundamenta no seguinte:

A Consellería de Sanidade, a través do Servizo Galego de Saúde, ten como un dos seus obxectivos a prevención e a atención sanitaria. A súa finalidade é impulsar, planificar, coordinar e avaliar as actuacións levadas a termo para mellorar o proceso de atención e, isto, coa implicación de todos os axentes do sistema de saúde e do sistema social, co remate de establecer un marco de actuación integral.

Outro dos obxectivos relacionados é a mellora da utilización dos medicamentos, tanto na atención primaria de saúde como na atención hospitalaria e sociosanitaria. Neste sentido, unha das liñas de actuación consiste no impulso de actividades dirixidas á mellora de aspectos como a educación sanitaria dos pacientes e cidadáns e o bo uso dos medicamentos, a súa adherencia aos tratamentos prescritos, a formación científica dos profesionais sanitarios ou a investigación nestas materias, coa finalidade de mellorar a atención e o servizo de saúde aos pacientes.

A Consellería de Sanidade ten entidades públicas adscritas e funcionalmente dependentes do Servizo Galego de Saúde ás que encomendar servizos e tarefas dentro do seu ámbito de actuación, como é o caso da Axencia galega para a xestión do coñecemento en saúde (ACIS), cuxo obxecto principal da súa actividade é a docencia, a formación e investigación en administración e xestión sanitaria, sociosanitaria, saúde pública e asistencia sanitaria, de conformidade coas directrices emanadas da Consellería de Sanidade e do Servizo Galego de Saúde.

Pola súa parte, o laboratorio Becton Dickinson SAU ten por obxecto social e finalidades a investigación, o desenvolvemento, a fabricación e comercialización de produtos sanitarios.

Un dos seus obxectivos de innovación e procura é traballar pola calidade de vida dos pacientes que sofren enfermidades. Neste sentido a súa vontade é ofrecer produtos e servizos que axuden a mellorar a súa calidade de vida, á sociedade en xeral e contribuír a xerar coñecemento e colaborar na mellora da calidade asistencial. En consecuencia, pode adoptar e desenvolver actividades de investigación, formativas e de atención ao paciente crónico, contando coa colaboración e apoio científico, técnico e institucional dos xestores de servizos sanitarios.

A entidade quere aliñarse cos obxectivos da outra parte asinante expresados anteriormente, e implicarse como axente colaborador mediante a expresión das pautas e liñas xerais contidas neste convenio marco, en relación á mellora da atención sanitaria.

Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados na Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico



español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

